

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "ASISTENCIA HUMANITARIA A FAMILIAS EXTREMADAMENTE VULNERABLES A SECA POR VIVIR LONXE DE SISTEMAS DE AUGA POTABLE EN DÚAS COMUNIDADES DO MUNICIPIO DE CALAMARCA: CHORITOTORA E NINACHO"

COMPARECEN

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, M^a Isabel Lorenzo Rodríguez, en calidade de secretaria do Padroado e representante legal da Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, con NIF G36797579, segundo consta na escritura pública outorgada o 15 de febreiro de 2010, N^o de Protocolo 315, ante o notario de Vigo D. José Luis Prieto Fenech, fundación inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento con número A58.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, no seu artigo 81, como obxectivos da política pública de cooperación para o desenvolvemento, contribuír á erradicación da fame, da pobreza e da desigualdade, en todas as súas formas e dimensións, para que todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e liberdade, cunha atención específica ás necesidades e demandas das persoas e os colectivos máis vulnerables; e promover a sustentabilidade da vida protexendo o planeta contra a degradación, fomentando un consumo, unha produción e unha xestión de recursos que promova a conservación da biodiversidade e a loita contra o cambio climático, así como fortalecer as capacidades das persoas, comunidades, organizacións e institucións para anticiparse e prever riscos, ameazas, acontecementos adversos ou desastres, sendo quen de recuperarse, adaptarse e prosperar despois da crise económica, política, social ou ambiental.

Segundo.- Doutro lado, o V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 establece, como ámbitos estratéxicos, o de promover o exercicio dos dereitos sociais básicos, entre

os que se atopa o dereito á auga, polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables, AE1; o de apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida, AE2; e o AE5, loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais

Por outra banda, o Plan director refírese ás prioridades xeográficas, entre as que se atopa Bolivia.

Terceiro.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, segundo o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e en exercicio das súas atribucións segundo o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño é o órgano superior das actuacións de cooperación ao desenvolvemento e correspóndelle a execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia e, en particular, o impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento e a planificación, coordinación e o seguimento en materia de acción humanitaria.

Cuarto.- A Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos (en adiante Fundación CUME) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a promoción de actividades encamiñadas á protección e integración social e, para estes efectos, desenvolve proxectos de acción social, cooperación para o desenvolvemento e sensibilización.

A Fundación Cume, que ten a súa delegación central en Galicia, está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación dende o ano 1997 e está rexistrada tamén na Axencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) dende o 2001. A fundación participa en redes e plataformas sectoriais e está integrada na Coordinadora Galega de ONGD, e na Coordinadora Española de ONGD, a través da primeira; e é organización fundadora da READI (Rede Euro Árabe para o Desenvolvemento e a Integración).

A Fundación Cume para o Desenvolvemento de Culturas e Pobos leva traballando en proxectos de cooperación en Haití, Guatemala, O Salvador, Nicaragua, Ecuador, República Dominicana, Cuba, Honduras, Costa Rica, Bolivia, Perú, Colombia, Arxentina, Costa do Marfil, RD Congo, Mozambique, Quenia, Alxeria e Djibuti; cuxos principais

sectores de traballo en cooperación son a igualdade da muller; auga e saneamento; seguridade alimentaria; saúde; vivenda; educación; medioambiente e xeración de emprego e proxectos socioproductivos.

Quinto.- O proxecto ten por obxectivo a asistencia humanitaria a 35 familias nas comunidades de Choritotora e Ninacho, no municipio de Calamarca, directamente afectadas pola seca causada polo fenómeno climático do Niño, agravado polos efectos do cambio climático, especialmente vulnerables, tendo en conta que non contan con conexión a sistemas de auga potable.

O proxecto inclúe, por unha banda, a dotación a cada familia de capacidade de cultivar auga de choiva e potabilizala para que durante a época de choiva almacenen suficiente auga para os restantes 8 meses nun reservorio de auga instalada no seu domicilio de 5.000 litros de capacidade. E, doutra banda, para que ditas familias teñan un mínimo de alimentos ricos en proteínas nos seus domicilios grazas á dotación de 3 parellas de galiñas poñedeiras sabendo que non poderán cultivar no caso de que se prolongue a seca por máis meses.

Para a realización destas actividades a fundación axudarase dun socio local no terreo, a ONG Ayni, así como de aportes dos propios beneficiarios.

Ademais, e tomando en conta que coa escaseza de auga poden aumentar as enfermidades contaxiosas, o proxecto prevé facilitar talleres de hixiene orientados á prevención de enfermidades dixestivas, prevé unha campaña de desparasitación, e talleres para mitigación dos efectos da seca a mediano e longo prazo, así como tamén talleres de manexo, potabilización e adaptación ao consumo do recurso auga, que viría ser estratexia de acción inmediata e a curto prazo.

Sexto.- Que a especificidade das actividades obxecto do proxecto, son de claro interese público que inciden directamente no ámbito da cidadanía, e a premura e urxencia na cobertura das necesidades básicas de familias especialmente vulnerables nestas comunidades, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Así, tendo en conta as anteriores consideracións, todas as partes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do convenio é de común interese para ambas e harmoniza cos fins dunha e doutra, acordan subscribir o presente convenio de colaboración con subxección a canto se establece nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Fundación CUME no proxecto "Asistencia humanitaria a familias extremadamente vulnerables a seca por vivir lonxe de sistemas de auga potable en dúas comunidades do Municipio de Calamarca: Choritotora y Ninacho".

O proxecto ten como obxectivo contribuír garantir a supervivencia das 35 familias máis vulnerables a escasez de auga por vivir sen conexión e lonxe dos sistemas de auga potable das comunidades de Choritotora e Ninacho.

SEGUNDA.- Obrigas de Fundación CUME

A Fundación CUME deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento desa actuación.
3. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
5. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
6. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
7. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia

Estatutal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

8. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.

9. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución e xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, aboará a Fundación CUME a contía máxima de sesenta e seis mil euros (66.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.331A.490.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2023, sendo o orzamento total do proxecto 71.500,00 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 92,31%.

A Fundación CUME poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero, en calquera caso, todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que, por este concepto, non se poderá exixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición da Fundación CUME, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que implique a execución das actividades deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/200, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte da Fundación CUME nun prazo máximo de tres meses, a contar desde a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2024.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto e pago, que deberán estar ao nome da entidade asinante, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da Fundación CUME.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na cal se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente da Fundación CUME.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da

citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Relación de todos os gastos da actividade efectuados indicando: o número de factura ou documento xustificativo (identificando a data e o emisor); a descrición do gasto; a data e forma de pagamento e, cando proceda, o seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a cal se fai referencia no apartado anterior e os seus comprobantes de pagamento.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Fundación CUME indique, non asumindo a Xunta de Galicia o risco de flutuación no tipo de troco oficial nin os gastos bancarios aos que houbese lugar por ese motivo, dando a orde de transferencia en euros.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras Administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento, título abreviado do proxecto e a porcentaxe de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificados e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 €, acompañando xustificante do cobro do proveedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007,

de subvencións de Galicia. Para gastos iguais ou superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo, nin a través de cheque

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

A Fundación CUME obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Cooperación Galega deberá figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo se poderá descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por un representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante da Fundación CUME.

A Comisión de Seguimento ditará as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desestimento da Fundación CUME.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, de ser o caso, exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023. Sen prexuízo do anterior, poderán incluírse as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2023, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de execución poderá ser ampliado automaticamente ata o 30 de xuño de 2024, sen necesidade de autorización previa da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e unha vez comunicado pola entidade beneficiaria, antes do 31 de decembro de 2023, de acordo con o establecido no artigo 94.3 c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Poderá solicitarse unha segunda prórroga antes de que expire a primeira fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa á execución da actuación subvencionada, que haberán de acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere ditas circunstancias ou continxencias.

Conforme ao artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o prazo de xustificación da

subvención será de tres meses desde a data de finalización da actuación financiada ou subvencionada, a contar desde a data de finalización da execución do proxecto, con independencia de que se supere o límite do exercicio orzamentario.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro por incumplimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá reintegrar a totalidade das mesmas no caso de incumplimento pleno, ou da parte proporcional e no caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO QUINTA. – Protección de datos

Ambas partes se comprometen a cumprir con lo dispuesto en el Reglamento (UE) 2016/679, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos (RGPD) y en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. Los datos personales proporcionados por las partes a la firma del presente convenio se incluirán

en sendos ficheros, cuya titularidad corresponde a cada una de las partes. Dichos datos personales serán únicamente tratados con el fin de posibilitar la ejecución del presente convenio.

Los datos personales facilitados a la firma del presente convenio podrán ser cedidos a favor de un tercero siempre que ello sea necesario para la debida ejecución o gestión del objeto de este convenio y que desempeñe actividades análogas a las descritas en el mismo, previo consentimiento por escrito por ambas partes.

En el supuesto de que una de las partes tuviera que acceder a datos de carácter personal que se encuentren en ficheros cuyo responsable sea la otra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamiento, en cualquier caso, dichos datos no podrán ser utilizados para finalidades diferentes a las indicadas en el contrato.

La transgresión del deber de confidencialidad, así como de la obligación de no utilizar indebidamente y de no ceder a terceros de datos de carácter personal, por cualquiera de las partes o de cualquiera de sus empleados o colaboradores, será justa causa de resolución o rescisión del presente convenio si así lo considera oportuno la otra parte, debiendo ser la parte no incumplidora resarcida por cualquier daño o perjuicio causado por la parte incumplidora.

Asimismo, ambas partes no podrán subcontratar con un tercero la realización de los compromisos objeto del presente convenio, cuando esta pueda implicar el tratamiento de datos personales titularidad de la otra parte, salvo que expresamente esta otra parte lo consienta por escrito.

Ambas partes garantizarán los derechos de las personas afectadas y adoptarán cuantas medidas de seguridad, de índole técnica y organizativa, sean necesarias para evitar la alteración o pérdida de los datos personales, así como el acceso no autorizado a los mismos.

El titular de los datos personales podrá ejercitar los derechos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación del tratamiento y portabilidad, respecto del tratamiento del que cada parte es respectivamente responsable, dirigiéndose por escrito indicando "Protección de Datos" y acreditando su identidad (fotocopia del DNI del interesado) en las siguientes direcciones: para la Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> y para la otra parte en <https://fundacioncume.org/politica-de-privacidad/>, comprometiéndose en cualquier caso cada parte a comunicar a la otra las rectificaciones o supresiones que procedan respecto de los datos personales cedidos.

Las partes no cederán a terceros los datos personales de los firmantes salvo que la ley así lo establezca. Asimismo, los afectados quedan informados de que, si consideran que

no se han tratado sus datos personales de acuerdo con la normativa de protección de datos, pueden contactar con el Delegado de Protección de Datos de la respectiva parte, si así fuera, en las siguientes direcciones: para la Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> y para la otra parte, en <https://fundacioncume.org/politica-de-privacidad/>, podrán presentar una reclamación o solicitud relacionada con la protección de sus datos personales ante la Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO SEXTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e demais normativa que sexa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data que se sinala na sinatura electrónica.

Pola Xunta de Galicia,
o vicepresidente primeiro e conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes

Pola Fundación CUME,
a secretaria do padroado

Diego Calvo Pouso

M^a Isabel Lorenzo Rodríguez

ANEXO

OBXECTIVOS E RESULTADOS

Obxectivo Xeral:

Garantir a supervivencia das 35 familias máis vulnerables á escaseza de auga por vivir sen conexión e lonxe dos sistemas de auga potable das comunidades de Choritotora e Ninacho.

Actividades:

- A1. Identificación da poboación beneficiaria.
- A2. Talleres de Hixiene.
- A3. Talleres de prevención de enfermidades dixestivas e desparasitación.
- A4. Talleres de prevención e mitigación dos efectos da seca: estratexia a mediano e longo prazo.
- A5. Manexo, potabilización e adaptación ao consumo do recurso auga: estratexias de acción inmediata e a curto prazo
- A6. Construción dos sistemas de colleita de auga.
- A7. Entrega de galiñas construción de pequenos galiñeiros

FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta	AYNI	BENEFICIARIOS
Construción de edificios/infraestruturas	34.350,00 €		1.500,00 €
Equipos, materiais e subministracións	5.613,43 €		750,00 €
Gastos de persoal local	20.857,14 €		
Gastos funcionamento	1.179,43 €	3.250,00 €	
Custos de xestión- seguimento e avaliación	4.000,00 €		
Total	66.000,00 €	3.250,00 €	2.250,00€
TOTAL	71,500,00 €		